



Nadal Cultural

PROGRAMA 2020



17 DECEMBRO | 20.30

PAZO DA CULTURA | ENTRADA LIBRE
E DE BALDE ATA COMPLETAR AFORO



Presentación

DO LIBRO **ÁRBORES NO DESERTO** (ED. GALAXIA) DE
ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL
ACOMPAÑADA POLA ESCRITORA MERCEDES QUEIXAS

18 DECEMBRO | 20.30

TEATRO

Fillos do sol

CONTRAPRODUCCIÓN

PAZO DA CULTURA
PÚBLICO XUVENIL E
ADULTO | 75 MIN
ENTRADA LIBRE
(MÁXIMO 54)
RESERVA NO EMAIL:
CULTURAENTRADAS@
CARBALLO.GAL



Fillos do sol é unha coprodución do FIOT e de Contraproducións que se estreou na edición 26 do festival no ano 2017, e que rendeu homenaxe ao escritor Eduardo Pondal no 100 aniversario do seu pasamento e que regresa a Carballo para realizar a súa última función e celebrar o seu éxito de funcións e público asistente na escea galega.

Esta elucubración teatral sobre a figura de Eduardo Pondal e a súa obsesión coa obra que ocupou toda a súa vida como escritor: *Os Eoas*, está a cabalo entre a realidade ficcionada e a fabulación dramática.

O bardo bergantiñán, xa octoxenario e comesto pola neurose dos seus últimos anos, confronta as súas dúbidas, medos e insatisfaccións creativas, tendo por

interlocutores un personaxe nacido da súa perturbación e a xove criada da pensión na que está albergado (papel interpretado pola actriz carballesa Alba Bermúdez).

Intérpretes: César Cambeiro, Adrián Ríos e Alba Bermúdez.
Escenografía e vestuario: Carlos Alonso
Iluminación: Afonso Castro
Composición musical e espazo sonoro: Guillermo Fernández
Deseño Gráfico: Juan Gende
Axudante de dirección e xefa de produción: Belén Pichel
Texto e dirección: Cándido Pazó

Colabora: Concello de Carballo. Patrocina: Secretaría de Política Lingüística da Xunta de Galicia a través do Fondo Proxectos Culturais Xacobeo 2021

Nadal Pequeno espectacular

27 DECEMBRO | 18.00

Paio e o poder da música

OVIRAVAI

MÚSICA



PAZO DA CULTURA | DE 3 A 10 ANOS | 70 MINUTOS
PREZO ORDINARIO: 4€ | PREZO REDUCIDO: 3€

A tripulación da nave soñadora, comandada por Roni, Riki e Chamico, afronta o emocionante reto de conseguir que o seu amigo, o Oso Aurelio, recupere a súa cabeciña. Unha trama chea de música e divertidas coreografías. Oviravai presenta un divertido espectáculo de gran formato que trata temas tan actuais como o bullying, a igualdade ou a reciclaxe.

Canta e baila co teixugo máis aventureiro do mundo!

Intérpretes: Verónica Santalices, Federico Welicki, Erika Welicki, Xacob Welicki, Carlos Gil, Jesús Alonso, Plácido García, Noa Covelo e Iván Davila
Vestuario: Adanegra Taller /
Escenografía: Diego Valeiras /
Música, coreografía e autoría: Verónica Santalices, Federico Welicki
Dirección: Federico Welicki

Organiza: Concello de Carballo
Colabora: AGADIC (R.GALEGA TEATROS)

Nadal Pequerespectacular

28 DECEMBRO | 18.00

Arlequina

TEATRO MUSICAL
E TÍTERES

MONICREQUES DE KUKAS



PAZO DA CULTURA | TODOS
OS PÚBLICOS | 65 MINUTOS
PREZO ORDINARIO: 4€
PREZO REDUCIDO: 3€

Intérpretes: Xurxo Cortázar,
Isabel G. Coldeira, Borxa Ínsua,
Kukas, Larraiz Urruzola, Ero
Vázquez e Isabel Rey

Músicos de Zoar Ensemble:
Joan Ibáñez, Benxamín Iglesias,
Álex Regueiro, Antonio Suárez e
David Villa

**Autoría, deseño de marionetas
e escenografía:** Marcelino de
Santiago "Kukas" / **Dirección:**
Isabel Rey e Marcelino de
Santiago "Kukas"

Esta é a trepidante viaxe dunha peculiar e curiosa marioneta, Arlequina, un anaco de papel, que ten letras e non sabe ler, con alma de marioneta e corazón de poeta. Marionetas, actores e música en directo recrean un divertido e rico universo creativo particular coa que a máis veterana das compañías de teatro de títeres e obxectos e unha das máis antigas de Galicia, Os Monicreques de Kukas conmemora o seu 40 aniversario. Polo seu labor de investigación, tanto das técnicas

de construción e de manipulación, a Xunta de Galicia acaba de recoñecela co Premio da Cultura Galega de Artes Escénicas 2019.

Organiza: Concello de Carballo
Colabora: AGADIC (R.GALEGA TEATROS)

Nadal Pequeno espectacular

29 DECEMBRO | 18.00

MONICREQUES

Jon Braun

ANITA MARAVILLAS TEATRO & PORTAL 71



PAZO DA CULTURA | A PARTIR DE 4 ANOS | 50 MINUTOS
PREZO ORDINARIO: 4€/ PREZO REDUCIDO: 3€


No poboado indio viven felices dous irmáns Jon Braun e Malintxe. Un día a irmá maior é capturada, pero ela non olvidará a seu irmán e a súa orixe. Jon Braun decide ir buscala e loitará contra moitas adversidades antes de atopala.

Magnífica historia sobre o amor filial e a superación, onde o heroe será Malintxe, unha muller forte e guerreira, e o antiheroe, Jon Braun, que afrontará as dificultades con ilusión.

Intérpretes: Miren Larrea e
Valentina Raposo
Construcción de títeres: Anita
Maravillas teatro
Escenografía: Iñaki Ziarrusta
(Atx. Teatroa)
Composición musical: Fran
Lasuen
Dirección: Iván Alonso

Organiza: Concello de Carballo
Colabora: AGADIC (R.GALEGA TEATROS)

Nadal Cultural 2020



CABALGATA DE REIS

Martes 5

CABALGATA DE REIS DE CARBALLO

A Cabalgata de Reis de Carballo realizarase desde as 17.00 percorrendo as rúas de Carballo cun itinerario distinto a outros anos para unha mellor protección dos asistentes e evitar aglomeracións nas rúas e prazas. Recoméndase seguila desde as súas casas ou en *streaming* a Cabalgata. Máis info en www.carballo.gal

Comunicaranse medidas específicas para a Cabalgata os días previos.

RECEPCIÓN VIRTUAL COS REIS MAGOS

Escribe a túa carta aos Reis Magos e recibirás a túa resposta. Máis info en www.carballo.gal

E ADEMAIS...

CAMPAÑA ESPECIAL DE NADAL KILO-LITRO

Sede de Cáritas.
Organiza: Cáritas Interparroquial de Bergantiños.

Xoves 17

VISITA DO APALPADOR ESCOLAS DO CRA PONTE DA PEDRA

Toda a mañá
Organiza: AA Senda Nova

Venres 18

AO REDOR DOS MUROS EN NADAL (CONTINÚA OS DÍAS 19 E 20 DECEMBRO)


Microteatro co AC Vagalume 2º Andar do Mercado Municipal. Ás 12.00 e 12.30, e ás 18.00 e 18.30 h. Entrada libre ata completar aforo segundo as medidas sanitarias. Organiza: Concellaría de Promoción Económica e Turismo.

Sábado 19

PREGÓN DE NADAL A CARGO DOS PREGOEIROS JOSÉ Mª ARÁN RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS DÍAZ DEL VALLE E ALFONSO MARIÑO COTELO E RECITAL DE PANXOLIÑAS DE LOLI PLATAS

Igrexa P. San Xoán B. 20.00 h
Organiza: Asociación Pais Católicos.

Nadal Cultural 2020



XORNADA DE FORMACIÓN / LENTES VIOLETAS

Casino 1889. De 10.00 a 18.00 h. Aforo limitado. Organiza: Aventeira. Colabora: Casino 1889 e Deputación da Coruña

Luns 21

ROTEIROS GUIADOS POLOS MURAI S DE ARTE URBANA E XOGO DE PISTAS PARA FAMILIAS POLOS MURAI S DE ARTE URBANA

(Desde o 21 de decembro ata o 5 de xaneiro)

Organiza: Concellaría de Promoción Económica e Turismo

AUTOCINE (CONTINÚA OS DÍAS 22 E 23 DE DECEMBRO)

Polígono de Carballo. Sesións ás 16.00h, 18.30 h e 20.45 h

Organiza: Concellaría de Promoción Económica e Turismo

Martes 22

CONCERTO DE NADAL VÍA STREAMING DESDE O PAZO DA CULTURA

15 alumnos e alumnas do conservatorio. Pazo da Cultura. 19.00 h. Desde

as redes sociais do Concello
Organiza: Conservatorio P. de Música de Carballo

Mércores 23

CAMPAÑA DE RECOLLIDA E ENTREGA DE XOGUETES NOVOS (ata 23 de decembro).

Local Cruz Vermella.
Organiza: Cruz Vermella de Carballo

Xoves 24

INAUGURACIÓN DO BELÉN

Igrexa P. San Xoán B. 20.00 h
Organiza: Centro Social San Xoán B.

Venres 25

ESCENIFICACIÓN DO BELÉN E RECITAL DE PANXOLIÑAS

(repítese o 6 de xaneiro)
Igrexa P. de Sísamo. 10.45 h
Organiza: AC O Candil

ESCENIFICACIÓN DO NACEMENTO VIVENTE

(repítese o 6 de xaneiro)
Igrexa P. San Xoán B. 12.30 h
Organiza: AX Fogar da Xuventude

> COVID-19

A CULTURA É SEGURA. SABÉMOLO E QUEREMOS QUE ASÍ SEXA SEMPRE. POR ISO POÑEMOS EN MARCHA UN PROTOCOLO PARA GARANTIR QUE GOCES TANTO DO TEATRO COMA NÓS.



1. O uso máscara será obrigatorio.



2. A desinfección de mans tamén será obrigatoria. Se non levas xel no peto, non pasa nada: no Pazo da Cultura atoparás dispensadores de xel hidroalcohólico.



3. A apertura de portas será 30 minutos antes de cada función e tanto o acceso como a saída ao recinto realizarase de xeito escalonado mantendo a distancia de seguridade. Procura chegar con tempo e lembra seguir en todo momento as indicacións do persoal de sala: están para acompañarnos e facilitar o noso tránsito!



4. Completamos a limpeza do auditorio antes de cada espectáculo coa desinfección con equipos de nebulización. As medidas hixiénicas están contempladas tamén no sistema de ventilación, optimizado para esta nova situación.



5. A butaca é un asento e deberemos permanecer nel. Se che gusta moito a obra lamentamos dicir que non poderás estar de pé... pero poderás bater as túas mans e amosar todo o teu entusiasmo, nas redes, de xeito virtual!



6. Na actividade do **Nadal Pequespectacular**, os menores deberán estar acompañados por un adulto.

Nadal Pequerespectacular

VENDA DE ENTRADAS

> VENDA DIRECTA DE ENTRADAS

na billeteira os días de función desde ás 16.30 h. Pazo da Cultura. T 981 704 300

> **POÑERANSE Á VENTA** 62 entradas por cada función: 52 dobres destinadas a persoas convivintes e 10 entradas individuais destinadas a espectadores de máis de 10 anos.

ORGANIZAN:



COA COLABORACIÓN DE:



+ INFO:



Cultura Carballo
www.carballo.gal